



ACLARACIÓN AO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE OPERACIÓN E MANTEMENTO DA INFRAESTRUTURA DE SERVIDORES DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (CON/3/2017)

ACLARACIÓN SOBRE O PARÁMETRO B_R NO CÁLCULO DA PUNTUACIÓN CORRESPONDENTE AO CRITERIO "PREZO DE CONTRATO".

Na descrición do criterio **B1.1. Prezo do contrato** inclúese a seguinte definición:

B_R é a baixa de referencia, establecida, igual a 17.059,30 euros (15% do orzamento)

Con respecto ao orzamento de licitación, o prego establece os seguintes importes:

- O orzamento máximo de licitación, sen incluír o IVE que deberá soportar a administración, fíxase e 93.990,62 euros/ano.

O IVE correspondente (21% do orzamento base anterior) ascende a 19.738,03 euros/ano.

Se ben este dato se pode deducir dos importes establecidos no prego, considérase convinte facer notar que o importe de 17.059,30 euros asignado a B_R obtívose calculando o 15% de 113.728,65 euros, que corresponden ao importe de licitación unha vez aplicado o 21% de IVE.

Estes valores son aplicables polo tanto no cálculo de P_R sempre que se teñan en conta, por coherencia, as ofertas económicas con IVE incluído.



Na práctica, o cálculo de P_R pódese realizar indistintamente a partir de importes con e sen IVE, tendo en conta os valores que correspondan en cada caso:

	s/ive	c/ive
Orzamento	93.990,62	113.728,65
B_R (15%)	14.098,59	17.059,30

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2017

O xefe do servizo de Informática

Asdo.: Jesús Rodríguez Castro